

II CONCURSO DE CURTAMETRAXES

“O LUGAR ONDE VIVO”

Nunha sociedade cada vez mais inmersa nas novas tecnoloxías, os medios audiovisuais convírtense nunha ferramenta indispensable, tanto para denunciar actuacións agresivas co noso entorno como para difundir exemplos de posta en valor do mesmo. E por iso que ADEGA (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza), co patrocinio da Vicepresidencia 1ª da Deputación Provincial de Lugo, convoca este concurso “E ti que é o que ves”, dentro da programación da campaña que está a levar a cabo “CULTURA E TERRITORIO”.

BASES DO CONCURSO

1ª. TEMÁTICA/OBXECTO DAS CURTAMETRAXES.

Dar mostra de exemplos de posta en valor da nosa cultura e territorio e/ou denunciar aquelas actuacións que agreden os mesmos.

2ª. ÁMBITO TERRITORIAL.

As curtametraxes presentadas deberán estar rodadas nalgún punto da xeografía de Galiza.

3ª. PARTICIPANTES/CATEGORÍAS.

Poderá paticipar calquera persoa, afeccionada a creación audiovisual que por medio dunha curtametraxe de ficción, documental, animación... desexe denunciar calquera afección negativa ao noso país ou evidenciar a posta en valor de un espazo degradado.

Establécese unha única categoría para o concurso.

4ª. OBRAS E FORMA DE PRESENTACIÓN.

Cada participante poderá presentar un máximo de catro curtametraxes. Os traballos crearanse en formato dixital e presentaranse en formato DVD. As curtas terán un máximo de 5 minutos de duración, incluídos os créditos de principio e final. Os traballos remitiranse por correo postal á Delegación de Adegas-Lugo, sita en Ronda das Fontiñas 180 Entrechán B, 27002 Lugo. Acompañando os traballos presentarase un sobre pechado no que figurarán o título da curta e o pseudónimo do autor e no interior do sobre figurarán os datos persoais do autor/a (nome, apelidos, teléfono, mail).

Tamén poderán ser colgados en calquer servidor ou espazo para compartir arquivos tipo dropbox e enviar o link para descargalo aos organizadores no correo; culturaeterritorio@adega.info. Opcionalmente poderanse entregar os traballos en man nas oficinas de Adegas-Lugo na dirección antedita, de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00. A organización non asumirá responsabilidades por danos ou extravíos no seu envío.

5ª. DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN.

As curtametraxes poderanse presentar ate o 1 de novembro do 2013, inclusive.

6ª. XURADO.

O xurado estará composto por 5 integrantes repartidos da seguinte maneira. O Presidente do xurado e un vocal designados por ADEGA, un vocal designado pola Vicepresidencia 1ª da Deputación Provincial de Lugo, un vocal designado pola Escola Superior de Artes Aplicadas “Ramón Falcón” de Lugo e un vocal designado pola Fundación TIC de Lugo, os cales decidirán tendo en conta estas bases, por maioría de votos e de forma inapelábel.



7ª. VALORACIÓN.

Valoraranse especialmente aquelas curtas que expresen dun xeito máis nido ou crú agresións ao territorio galego ou a posta en valor do mesmo.

8ª. FALLO.

O concurso resolverase dentro dun prazo máximo de 45 días naturais contados dende a data límite de presentación.

Organizarase un acto de entrega de premios e divulgación xeral do concurso, cuxa data e lugar será debidamente comunicada aos premiados, participantes e sociedade en xeral (entre outros medios a través da páxina web de ADEGA; <http://www.adega.info>).

9ª. PREMIOS.

1º Premio Categoría Única: Diploma e 250 €.
2º Premio Categoría Única: Diploma e 150€.

Ademais as curtametraxes premiadas así como as mellores seleccionadas entre todas aquelas que non obtivesen un premio, serán obxecto de exposición na páxina web de ADEGA así como noutras posibles exposicións creadas a tal efecto.

10ª. USO DAS CURTAMETRAXES.

O feito de participar no concurso implica a cesión do uso das curtametraxes presentadas a ADEGA, que poderá utilízalas citando sempre ao seu autor, en calquera actividade relacionada cos seus fins (educación ambiental, denuncia administrativa, etc.).

11ª. A participación implica a total aceptación destas bases.



organiza:

patrocina:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

